



## Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega <sup>(1)</sup>

Como qu' é un deber, pol-o demais pra min ben grato, qu' eu a grandeza dend' eiquí, e da forma mais cordial, total-as atencíons, traducidas en facilidás e consellos pr' os meus traballos sobr' a lengoa galega qu' os señores don Vicente Risco, director da revista NÓS e don Antonio Couceiro Freixomil Inspector de primeiro ensino, tiveron comigo; con moito gusto, e tendo n-elo grande honra, atenderei á súprica do director d' esta revista, Sr. Risco, d' escribir algunhas notas sobr' o galego pra qu' aparezan n-estas llanas.

Hoxe limitareime a algunhas notas soltas sobr' iste tema, por non ter rematado ainda o análise do tod' o material d' estudo que puideron recoller durante a miña estada en Galiza, e que tén coma fin primordial, esculcal-as diferencias rexionales do galego no tocante á fonética, morfoloxía e léxico.

É interesante tamén, a pesares d' encher ós bos galegos de tristura, observar no estado actual do idioma galego, a contaminación co castelao e cuio proceso podemos seguir atentamente.

No léxico dos peisanos achamos en castelao moitas palabras que se refiren á eirexa, á medicina, a espresíons novas técnicas, a xiros comús. Citarei entre varias notas collidas os seguintes exemplos: a *virjen*, *Santa Virgen* (Francelos, Ourense) e *Sarria* (Luço); namentras que con *virxen* designan ás rapazas solteiras,

comprenden baixo da forma casteláa *virjen* somentes a Santa María. Din: *ofender al Señor*, *servir al Señor*, mais *servir ó rei*. Empregan sempre *Dios* e tamén o *Padre*, contrastando co-a paladra *pai* en moitas rexíons empregada pol-o pai de familias. Desapareceron no falar cotián as formas antigas galegas dos nomes e son substituídas pol-as casteláas, así por exemplo *Tereixa* sustitúyena por *Teresa* e *Teresa*, *Fijz* por *Félix*, *Giao* e *Jullao* por *Julián*; mais consérvanse as formas antigas na toponimia: *Sanfinz* e *Sanfiz* (San Félix, en castelao), *Santa Comba* (Santa Columba), *Santa Baya* (Santa Eulalia), *San Xiao* (San Julián), *San Bréixome* (San Verísimo), ou en apellidos *Oxea*, de *Euxea* (Eugenia), etc.

A palabra *febre* tén xa en moitos sitios a forma casteláa *fiebre* ou con metátese: *frievre* e ademais *calentura* (Torre, preto d' Allariz, Ourense), e a antiga forma galega *quentura* aprícase pra desinar a calor que dá o lume. A antiga palabra galega *doente*, aínda viva no portugués, foi substituída no galego pol-a palabra *enfermo* conservándose *doente* pra desinar o can hidrófobo.

Falou xa o Sr. Risco n-un artigo no *Pueblo Gallego* de qu' a forma *Tribuna* é hoxe a mais usada e non *Tribúa*, porque os cultismos conservan en xeral a forma do idioma d' onde proceden. Asimesmo fórmase hoxe o plural *vagones*, *automóviles*, ó xeito castelao, namentras que no portugués actual dominan aínda as mesmas leis fonéticas antigas galego-portuguesas e din *vagoes*, *automóveis*, etc.

(1) Os lugares entre corchetes indican, entr'outros, os sitios onde collín as formas citadas. M. S.

Usan os galegos a miúdo no falar as palabras castelás *después* e *bueno* (mais o adxetivo é *bon*, *bó*, p. enx. (*bon home*). O saúdo é casi xeralmente na forma castelán *buenos días* e cando eu lles lía un conto galego en qu'estaba escrito *bos días nos dea Deus*, dixeron qu'o conto gustáballes moito, mais que contiña palabras portuguesas, asegurándome que en galego decíase *buenos días nos dé Dios*.

Depende o grado de contaminación tamén d'estaren perto de centros culturás, e asina, namentras nas montañas son *ovos*, *óso*, etcétera, ouvín p. enx. en Betanzos (Cruña) pronunciar ós peisanos *juevos* e *huevos*, a primeira, coma dixeron, palabra galega e *huevos* en castelán. E o mesmo usaron en Ribadavia (Ourense) *jueso* e *hueso*, non conociendo xa no seu léxico a verdadeira forma galega. Cantas veces por empregar eu as verdadeiras formas galegas tomáronme por portuguesa!

Podería citar aínda moitos casos de palabras que se conservan nas dúas formas, galega e casteláa, e outras na que domina hoxe a casteláa. As razóns son ben sinxelas: a xente oi falar o castelán ó crego, ó médeco, ó escolante, ós tendeiros, etc., e parécelles qu'o galego é fala somentes de xente baixa e probe. Importante tamén pr'a dexeneración do idioma natural é a emigración: tantas veces preguntando

eu porqué lles parecía feo o galego, respondéronme *é que no mundo non se comprende o galego*; pra illes o mundo é Buenos Aires, Cuba, La Habana, etc., asegún o sitio pr'onde emigran e por considerarse algo raro alá o seu idioma, avergonzánsen do propio e desexan falar con perfeición o casteláo.

Eu non quero arestora entrar no asunto de si se debe facer revivir o galego podendo porfiar sobr'iste punto persoas mais competentes ca min na materia. Mais é certo qu'eu a pesares de ser estranxeira n-esta terra tan fermosa, sinto qu'a sua lengoa tan doce e melodiosa vaia perdendo a sua enxebreza, dando entrada no seu léxico cada día a mais palabras e xiros castelás. Fenómeno inverso pódese observar no pobo de Cataluña, ond'un ardente amor ó seu failles estudar cada día mais afincadamente a perfeición e enxebreza do seu idioma, alentándose iste ideal igual nas aldeias que na cidade. Como queira qu'en Cataluña iste nobre ideal púdese impor, tamén en Galiza ceceais virá un tempo en que gracias ós xenerosos esforzos de persoas tan ilustres com'o Sr. Risco purificaráse o doce e fermoso idioma galego.

MARGOT SPONER

Berlín.

